

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 11 de outubro de 2005 pola que se convoca concurso de traslados autonómico entre funcionarios do corpo de mestres.

Advertidos erros na referida orde, publicada no DOG nº 201, do 19 de outubro de 2005, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 16.946, despois do CEP de Altamira en Salceda de Caselas, debe engadirse:

-Zona.

Código: 360398.

Zona: Salceda de Caselas.

-Localidade.

Código: 360490608.

Localidade: Sta. Mª de Salceda.

-Concello.

Concello: Salceda de Caselas.

-Centro.

Código: 36024318.

Centro: CRA Raíña Aragonta.

Orde do 31 de outubro de 2005 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, anunciada por Orde do 16 de setembro de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 185, do 26 de setembro).

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mediante Orde do 16 de setembro de 2005 (DOG nº 185, do 26 de setembro).

Esta consellería, no uso das facultades e atribucións conferidas polos artigos 15.4º e 27.2º da Lei da función pública de Galicia, e os artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo,

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicar destino, nos postos de traballo que se indican, aos funcionarios que se relacionan no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no actual destino dos funcionarios que obtiveron as prazas producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión das prazas adxudicadas deberá realizarse no prazo dos tres días seguintes ao do cesamento, se se trata da mesma localidade na que presta os seus servizos o funcionario, ou no prazo dun mes se se trata de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro onde causen alta os funcionarios, realizará, dentro dos prazos sinalados nos puntos anteriores, as dilixencias de toma de posesión e seguidamente levaranse a cabo os trámites necesarios para a entrada en nómina.

Das dilixencias efectuadas daráselle traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2005.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

-Apelidos e nome: Filloy Mato, María de la Paz.
Nº rexistro persoal: 76.858.829.57.A2060.

Grupo: A.

Posto de traballo: subdirectora xeral de construcións e equipamento.

Código: ED.C02.00.002.15770.001.

Nivel: 30.

Centro directivo: secretaría xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

-Apelidos e nome: Briones Bouzas, María Rosario.
Nº rexistro persoal: 03.792.406.24.A2059.

Grupo: D.

Posto de traballo: secretaria da conselleira.

Código: ED.C01.00.000.15770.001.

Nivel: 20.

Centro directivo: gabinete da conselleira.

Localidade: Santiago de Compostela.